

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SELECCIÓN DE INTEGRANTES BOLSA DE EMPREGO DE TRACTORISTAS 2020: LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Resultando que por resolución da Alcaldía do 4-5-2020 acordouse a aprobación da convocatoria e bases da selección da bolsa de emprego de tractoristas 2020 (neste ano para o POS+, gasto corrente).

Resultando que a convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de data 8-5-2020, no taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web.

Resultando que finalizado o 21-5-2020 o prazo de presentación de solicitudes, presentáronse un total de 6 solicitudes dentro do mesmo; comprobadas as instancias, resulta que un dos aspirantes non cumpre a totalidade dos requisitos necesarios.

Considerando que a base 4ª das que rexen a presente convocatoria establece que terminado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo de emenda de defectos subsanables e presentación de reclamacións que se concede aos aspirantes excluídos, que será de 2 días hábiles (ata ás 14:00 horas do 26-5-2020).

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, como xefe de persoal dito a seguinte

RESOLUCIÓN:

1º. Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para integrantes da bolsa de emprego de tractoristas 2020, indicando aos que resultasen excluídos que dispoñen dun prazo de 2 días hábiles para emendar os defectos subsanables e presentación de reclamacións, mediante escrito urgente dirixido a esta Alcaldía .

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
LISTA DE ADMITIDOS			
1	ARES GÓMEZ, JOSÉ	32xxx722-M	Non ten que presentarse ás probas
2	BOEDO SAAVEDRA, JOSÉ ANTONIO	32xxx088-W	Non ten que presentarse ás probas
3	LAGE BARROS, JOSÉ Mª	76xxx345-Y	Ten que presentarse ás probas o día 28-5-2020 ás 10:00 horas
4	PORTO PRIETO, ALBERTO	33xxx071-R	Non ten que presentarse ás probas
5	VARELA REJO, JUAN ANTONIO	76xxx111-Y	Non ten que presentarse ás probas
LISTA DE EXCLUÍDOS E MOTIVOS			
1	COSTA LOSADA , JUAN JOSÉ	32xxx775-X	Non xustifica o cumprimento do requisito da acreditar traballo como tractorista 3 meses completos en data posterior ao 1-1-2010 (base 2ª.d)

2º. Publicar a lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web.

3º. Convocar ao tribunal cualificador titular do proceso selectivo que nos ocupa (base 6ª), para constituírse e actuar o mércores 27-5-2020 ás 9:00 horas.

4º. De non presentarse ningunha alegación ou reclamación, considerarase definitiva a lista de admitidos e excluídos relacionada, continuando o procedemento da selección. O solicitante que quedase excluído definitivamente do proceso poderá solicitar a devolución dos dereitos de exame, por medio de escrito dirixido á Alcaldía e xustificante de titularidade da conta a onde se solicite o ingreso.

Irixoa, de maio de 2020

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín

Diante miña
O SECRETARIO

Alejandro Alonso Figueroa